



**BASES CONVOCATORIA ERASMUS +
MOBILIDADE DE ALUMNADO PARA PRÁCTICAS
(REALIZACIÓN FCT NO EXTRANXEIRO PARA CICLOS
MEDIOS)
SETEMBRO-DECEMBRO 2017**

PROXECTO MOBILIDADE ERASMUS+ 2016-2018
“Next Station: Improving Professional Skills in Galicia”
NÚM. PROXECTO: 2016-1-ES01-KA102-024869

CONVOCATORIA PARA A ASIGNACIÓN DE BOLSAS DE MOBILIDADE PARA
REALIZAR PRÁCTICAS EN PAÍSES DA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO
PROGRAMA ERASMUS+.

CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel

Praza da Lexión, s/n

32002 Ourense

Teléfono: 988 788 470

cifp.carballeira@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.es/centros/cifpcarballeira/>



BASES DA CONVOCATORIA

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa abre unha convocatoria para asignar 325 bolsas de mobilidade para prácticas a alumnos/as de Ciclos Medios de Formación Profesional matriculados en calquera dos CIFP e IES participantes no proxecto e que queiran realizar o módulo de FCT no estranxeiro.

Estes fondos, que proceden da acción clave (KA1) de Mobilidade de Estudantes de Formación Profesional (ciclos de grao medio/ensinanzas especiais) do Programa ERASMUS+ e, xestionados pola Axencia Nacional (SEPIE) en España, están suxeitos á normativa propia da Axencia Nacional en relación ao programa referido.

O proxecto consiste na realización dunha mobilidade de ONCE SEMANAS de prácticas, NON REMUNERADAS, en empresas relacionadas cos estudos cursados nas familias profesionais ofertadas no CIFP A Carballeira.

A súa finalidade é proporcionar aos beneficiarios a oportunidade de ter unha experiencia formativa no ámbito laboral no estranxeiro, perfeccionar o coñecemento doutro idioma e coñecer outras culturas e modos de vida.

As prácticas, no seu caso, contabilízanse como horas do módulo de FCT do ciclo correspondente.

O CIFP A Carballeira apoiará aos alumnos/as, a través da Coordinación de Programas Europeos, na procura de:

- Empresas ou institucións dispostas a participar no Programa de países da UE.
- Seguimento por parte da titoría das prácticas e da coordinación de programas internacionais.
- Asesoramento e guía en todo o período.



1. ASPECTOS XERAIS

Dirixido a: Alumnado de Grao Medio que inicia as prácticas de FCT en setembro de 2017.

O CIFP A Carballeira Marcos Valcárcel proporcionará a xestión das bolsas ERASMUS+ e dos aspectos académicos relacionados coa validez da realización de FCT en países europeos adheridos ao programa. Tamén facilitará, na medida do posible, a xestión da mobilidade e o contacto cos centros de traballo.

Lugar: O CIFP A Carballeira Marcos Valcárcel ofertará destinos, logo da publicación desta convocatoria, en función das empresas ou institucións colaboradoras de que dispoña para cada unha das especialidades impartidas.

Por outra banda, o alumnado participante pode promover, individualmente o con axuda do seu departamento, a realización de convenios con empresas do seu interese que será valorado pola Xefatura do Departamento correspondente xunto con Coordinación de Programas Internacionais. Para isto deberá presentar “Compromiso de acollida da empresa” no estranxeiro (Anexo II desta convocatoria).

2. PERÍODO DE REALIZACIÓN

Setembro a decembro de 2017

3. DURACIÓN

11 semanas.

4. ACHEGAS ECONÓMICAS PARA O ALUMNADO

- **BOLSAS ERASMUS+:** (80% ao inicio da mobilidade e o 20% restante ao finalizar)
- Referencia de axudas para algúns dos países do programa

PAÍS	MANUTENCIÓN (11 semanas)	VIAJE
Alemania	2321 €	275
Italia	2553 €	275
Finlandia	2692 €	360
Francia	2785 €	275
Portugal	2228 €	180 (Madeira 275)
Polonia	2460 €	360
Malta	2321 €	360
Irlanda	2785 €	275
Reino Unido	3110 €	275
Grecia	2460 €	360



5. CRITERIOS E COMITÉ DE SELECCIÓN DE CANDIDATOS

5.1 - CRITERIOS DE SELECCIÓN

As prazas dispoñibles para realizar a FCT en países europeos baixo o programa de mobilidade descrito nesta convocatoria, asignaranse ao alumnado interesado, logo da presentación da solicitude, que será baremada por un Comité de Selección constituído polo CIFP A Carballeira Marcos Valcárcel en base aos seguintes criterios:

- **Informe do equipo docente (onde se recollerá, entre outros, grao de madureza persoal e motivación profesional) (ata 4 puntos).**
- **Competencia lingüística en idiomas (non oficiais no estado español) acreditada documentalmente (ata 3 puntos).**
 - B2 (MERL) ou superior idioma país destino: 3
 - B1 (MERL) país destino: 2
 - B2 (MERL) ou superior inglés: 1
 - B2 (MERL) outro idioma 0,5
 - B1 (MERL) outro idioma 0,25
 - A2 (MERL) país destino: 0,25
 - Nacionalidade do país de destino: 1

* No CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel non se realizará proba de idiomas non acreditados por non dispoñer de profesorado específico.

- **Expediente académico do ciclo formativo (ata 3 puntos).**
 - Entre 6,00 e menos de 7,00 - 0,75 puntos
 - Entre 7,00 e menos de 8,00 - 1,50 puntos
 - Entre 8,00 e menos de 9,00 - 2,25 puntos
 - Entre 9,00 e 10,00 - 3,00 puntos

* Para o cálculo da nota media só se terán en conta os módulos rematados polos candidatos, excepto para os alumnos dos ciclos dun só ano, no que se realizará a partir das notas dos dous primeiros trimestres deste curso.

- **Candidato/a que presenta “Compromiso de acollida da empresa no estranxeiro” para a realización das prácticas (3 puntos).**

Nota 1: en caso de empate na baremación final:

1º - No caso de empate terase en conta a maior puntuación no informe de titoría e equipo docente.

2º - No caso de manterse o empate procederíase a un sorteo.

Nota 2: No reparto de prazas terase en conta unha distribución proporcional por ciclos. É dicir, se houbera solicitantes de varios ciclos ordenarase o listado de adxudicación tendo en conta os



mellores baremos por cada ciclo (un de cada ciclo). Unha vez ordenado o listado dos mellores por cada ciclo, os restantes solicitantes seguirán a orde de maior puntuación na baremación.

5.2 – COMITE DE SELECCIÓN:

- Director do centro
- Xefe da área de calidade, innovación e orientación profesional
- Xefe do departamento de calidade e innovación
- Xefe do departamento de orientación profesional
- Coordinadora de programas internacionais
- Xefes dos departamentos didácticos

A asignación definitiva das prazas corresponderá á Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa, logo da recepción da resolución de asignación proposta polo Comité de Selección do CIFP A Carballeira Marcos Valcárcel.

6. SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As persoas interesadas poden entregar a solicitude na secretaría do seu centro, dende o 28 de abril ao 10 de maio de 2017, antes das 14:00h. O impreso de solicitude atópase no Anexo I desta convocatoria, ou ben poden recollelo na secretaría. Xunto ao impreso de solicitudes entregarase:

1. Curriculum Vitae e carta de motivación no idioma do país de preferencia o no seu defecto inglés, seguindo o modelo europeo C.V. Europass
<https://europass.cedefop.europa.eu/editors/es/cv/>
2. Documentos acreditativos da competencia lingüística alegada.
3. Fotocopia do DNI.
4. Compromiso de acollida da empresa no estranxeiro (Anexo II desta convocatoria).

7. RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

O Comité de Selección constituído no CIFP A Carballeira Marcos Valcárcel baremará as solicitudes presentadas segundo os criterios reflectidos no punto 5.

Finalizado o proceso de baremación, asignará as prazas ofertadas aos solicitantes, en función da puntuación obtida e, a continuación, elevará a proposta de asignación á Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa, a quen lle corresponde a adxudicación definitiva.



Publicaranse nos taboleiros de anuncios dos centros, así como nas páxinas web, as actas da resolución, que comprenderá lista de adxudicacións, lista de espera e candidatos non aptos.

Se por causa xustificada algún alumno/ha seleccionado/a non puidese realizar a mobilidade, a vacante pasarase a cubrir segundo a orde da listaxe de espera.

8. FORMACIÓN LINGÜÍSTICA

Segundo establece o Programa Erasmus+ o alumnado seleccionado terá a obriga de realizar unha formación lingüística no idioma de traballo do país asignado, independentemente do nivel acreditado no proceso de selección:

- Todo o alumnado fará una Proba de nivel na plataforma on-line proporcionada pola Comisión Europea sobre o idioma do país para o que foi seleccionado.
- O alumnado que supere a proba de nivel fará una Formación on-line na devandita plataforma.
- Ao remate da mobilidade, todo o alumnado fará una Proba final on-line na mesma plataforma.

Ourense, 28 de abril do 2017

Asdo.: D. Vicente Ribao Docampo

Director CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel de Ourense



ANEXO I

Programa Erasmus+ Ciclos Medios

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

CONVOCATORIA ERASMUS+ MOBILIDADE DE ALUMNADO PARA PRÁCTICAS
FCT NO EXTRANXEIRO Setembro - Decembro 2017

DATOS DO/A CANDIDATO/A					
Apelidos				Nome	
Enderezo					
Teléfono 1	correo electrónico				
Teléfono 2	Data de nacemento				
CURSO ACTUAL					
Ciclo				Nome do centro	
IDIOMAS					
Idioma acreditado	Superior/B2		<input type="checkbox"/>	B1 <input type="checkbox"/>	A2 <input type="checkbox"/>
Idioma acreditado	Superior/B2		<input type="checkbox"/>	B1 <input type="checkbox"/>	A2 <input type="checkbox"/>
Idioma acreditado	Superior/B2		<input type="checkbox"/>	B1 <input type="checkbox"/>	A2 <input type="checkbox"/>
Solicita prueba de idiomas no acreditado?	Inglés		<input type="checkbox"/>	Francés	<input type="checkbox"/>
Participación previa en programas europeos	SÍ		<input type="checkbox"/>	NON	<input type="checkbox"/>
Describe esa participación	Nome do programa				
	Organismo				data
PAIS DE DESTINO QUE PROCURA					
<i>Sinálalos por orde de preferenza</i>					
País 1			País 2		
País 3					
Coñeces xa algún centro no que desexarías facer a estada?	Nome do centro				
Presentar Compromiso de acollida da empresa (Anexo II).	Enderezo				
	País				Teléfono



DOCUMENTACIÓN QUE SE ADXUNTA

- CV no idioma do país de destino, seguindo o modelo europeo C.V. Europass:
- Documentos acreditativos da competencia lingüística.
- Compromiso de acollida da empresa no estranxeiro (Anexo II).
- Fotocopia do DNI.

FORMALIZACIÓN DE SOLICITUDE E SINATURA

Poña presente solicito a miña participación no Programa Erasmus+ " NEXT STATION: IMPROVING PROFESSIONAL SKILLS IN GALICIA"
NÚM PROXECTO: 2016-1-ES01-KA102-024869.

(CM FCT)

No caso de seren seleccionado/a, asumo a responsabilidade de realizar a estadía no centro de destino segundo a normativa correspondente, agás causa xustificada que me impida realizar a referida estadía.

Sinatura		Data
----------	--	------

Comisión de Selección de Movilidades para prácticas de Ciclos Medios



Annex II

Training commitment

Name of the candidate:

Personal ID n°:

I,(name)....., as legal representative of the company
, with VAT number
 I commit to welcoming(participant's
 name)..... as an unpaid work experience participant,
 within the Erasmus + Programme, in the period2017.

FOR THE HOST ORGANISATION

Name:

Position:

Telephone:

E-mail:

Place / date: